

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, LUNS, 13 DE XULLO DE 2026**PRESIDENCIA****SAN CAETANO**

11,30 h.- O titular do Goberno galego, Alfonso Rueda, presidirá a reunión do Consello da Xunta.

A continuación, a partir das **13,00 horas (aprox.)**, comparecerá para dar conta dos asuntos acordados.

TURISMO DE GALICIA**OIA (Pontevedra)**

09,30 h.- O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, inaugurará o curso de verán de *Oncología Integrativa (VIII): Cuidar a los Supervivientes de Cáncer: Un nuevo reto asistencial* da Universidade de Santiago de Compostela. N

VIGO

12,00 h.- O comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, presentará o *Festival Sinsal*, no marco dos Concertos do Xacobeo.

FISTERRA (A Coruña)

20,00 h.- O comisario do Xacobeo 2027, Marcos Gómez Román, participará no acto final do proxecto *Un Camiño de Lembranzas – O Camiño de Muxía e Fisterra*, que promove a inclusión das persoas con demencia a través da ruta xacobeá.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**O PINO (A Coruña)**

10,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará o Concello de O Pino para informar da resolución da orde de axudas de *Galicia Suma Talento: Rural Activo*.

SANTA COMBA (A Coruña)

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

12,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, visitará a empresa *Lácteos Ferrado Verde*, beneficiaria da orde de axudas de transformación e comercialización de produtos agrarios.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL

FERROL

09,30 h.- A delegada territorial de Ferrol, Martina Aneiros, presidirá a Comisión Territorial de Coordinación da Delegación.

11,30 h.- A delegada territorial de Ferrol, Martina Aneiros, asistirá á xura de bandeira do persoal de mariñeiría das escolas de especialidade *Antonio de Escaño* e *Estación Naval da Graña*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

O VICEDO (Lugo)

10,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, visitará o obradoiro de emprego *Terras do Sor VIII*.

OUTEIRO DE REI (Lugo)

17,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, participará na inauguración do parque temático Terra Núblar.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

OURENSE

12,00 h.- O delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Manuel Pardo, supervisará o comezo das obras de asfaltado da rúa Progreso.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

PONTEVEDRA

11,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará a sede da Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MORAÑA (Pontevedra)

12,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, presidirá a Comisión Territorial de Coordinación da Delegación Territorial da Xunta en Pontevedra.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE VIGO**SALVATERRA DE MIÑO (Pontevedra)**

10,30 h.- A delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, visitará o Centro de Información ás Mulleres móbil.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**CARBALLEDA DE AVIA (Ourense)**

16,30 h.- O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Diego Calvo**, e a conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, xunto coa directora xeral de Administración Local, Natalia Prieto, e co delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, participarán na inauguración do centro social multiusos de Muimenta.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**SAN LÁZARO**

10,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, reunirse con representantes da asociación de economía circular Circularis.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**VALENCIA**

12,30 h.- O secretario xeral de Universidades, José Alberto Díez, asistirá ao acto de entrega da acreditación María de Maeztu ao Centro Singular de Investigación Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

SAN CAETANO

10,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto ao secretario xeral de Vivenda e Urbanismo, Heriberto García Porto, asinará co director xeral da entidade Sabadell Gallego, Pablo Junceda, un convenio de colaboración para o financiamento da promoción, construción e compra de vivendas de promoción pública.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

20,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado polo director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, asistirá ao concerto de Amancio Prada, co gallo da celebración dos 50 anos do disco de Rosalía de Castro.

09,00 h.- O secretario xeral da Lingua, Valentín García, participará na inauguración do *VIII Congreso Internacional de Dialectoloxía e Sociolingüística*.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

SANTIAGO DE COMPOSTELA

11,30 h.- A directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, participará na entrega dos *Premios Ícarus 2026*, apoiados pola Xunta.

CONSELLERÍA DO MAR

SANTIAGO DE COMPOSTELA

09,00 h.- A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, reunirse con representantes da Asociación de Clubs Náuticos de Galicia (Asnauga).

10,30 h.- A presidenta de Portos de Galicia, Natalia Botana, manterá unha reunión co alcalde de Ortigueira, Valentín Calvín, para abordar actuacións no municipio.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal